

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ASISTENCIAS E ESTANCIAS
NA GARDERÍA INFANTIL MUNICIPAL DE CAMBADOS.**

ARTIGO 1º. – NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa por asistencia e estancias na gardería infantil municipal de Cambados.

ARTIGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa que se establece, a prestación dos servizos por asistencia e estancia na Gardería Infantil Municipal.

ARTIGO 3. – SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa da presente Ordenanza.

ARTIGO 4. – RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. – COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFA

<i>RENDA PER CAPITA MENSUAL</i>	<i>COTA MENSUAL</i>
Familias con renda inferior ó 30% do IPREM.	Exentas
Familias con renda entre o 30% e o 50% do IPREM COMEDOR	Exentas 16,50 €
Familias con renda entre o 50% e o 75% do IPREM COMEDOR	33 € 16,50 €
Familias con renda entre o 75% e o 100% do IPREM. COMEDOR	66 € 25 €
Familias con renda entre o 100% e o 125% do IPREM. COMEDOR	106 € 35 €
Familias con renda entre o 125% e o 150% do IPREM. COMEDOR	126 € 50 €
Familias con renda entre o 150% e o 200% do IPREM. COMEDOR	139 € 60 €
Familias con renda superior ó 200% do IPREM. COMEDOR	160 € 70 €
<i>SERVICIOS COMPLEMENTARIOS:</i>	
<i>Horario ampliado/ 1 hora</i>	20 €

*ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**(PARA NENOS DE 3 A 6 ANOS DOS COLEXIOS PRÓXIMOS)*

— Cota mensual	51,35 €
— Comedor	41,10 €
— Recollida no colexio	10,30 €

ARTIGO 6.—BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos en normas con rango de Lei, ou deriven de tratados ou acordos internacionais, sen prexuízo da aplicación das reducións que se contemplan na Tarifa anexa.

ARTIGO 7.—PERCEPCIÓN.

Percibirase a taxa á que se contrae esta Ordenanza, coa prestación dos servizos relativos á estancia de nenos na Gardería Infantil, que se especifican na tarifa correspondente, incluíndose na mesma o importe da manutención que se preste na Gardería.

ARTIGO 8.—LIQUIDACIÓN.

A liquidación da taxa a percibir vén determinada polos servizos que se presten e, en todo caso, de acordo coas cantidades ou contías que figuran na tarifa, confeccionada tendo en conta a renda mensual por membro da unidade familiar.

A referida liquidación practicarase unha vez efectuado o servizo e, en todo caso, con periodicidade mensual.

ARTIGO 9.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e na normativa do seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Cambados, a 14 de decembro de 2012.—O Alcalde, Luis Aragunde Aragunde.

2012011826

* * *

O GROVE

Aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito núm. 10/2012 por suplemento de crédito sobre o Orzamento Municipal do 2012.

Rematado o prazo de exposición ó público do acordo plenario de data 25 de outubro de 2012 de aprobación inicial do expediente de suplemento de créditos núm. 10/2012 do Orzamento municipal do 2012, sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, enténdese elevado a definitivo, conforme ó disposto nos artigos 177 en relación co 171 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 38.3 en relación co 23.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

En cumprimento dos artigos 150.3 da citada Lei e 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, á que remiten respectivamente os artigos 160.4 de aquela e 42.1 de éste, faise público o resumo por capítulos do estado de ingresos e gastos trala aprobación do devandito expediente á data de 10 de decembro de 2012: